



**AXENCIA PARA A CALIDADE DO
SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)**
Memoria de Actividades 2012





ÍNDICE

Edita:


Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade , s/n
CIFP Compostela 5.ª planta
15702 Santiago de Compostela


Teléfono: 981 534173 - Fax: 981 534174
Correo electrónico: acsug@acsug.es
Páxina web: www.acsug.es
Depósito legal: C 45-2014

Revisión lingüística:
Servizo de Normalización Lingüística da
Universidade da Coruña

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o título deste e á ACSUG como editora.

 ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA

EUROPEAN ASSOCIATION
FOR QUALITY ASSURANCE
IN HIGHER EDUCATION

 ACSUG está rexistrada no EQAR



A ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. Ademais, o Sistema de Xestión Medioambiental está verificado positivamente segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).



PRESENTACIÓN	7
MISIÓN E VISIÓN DA ACSUG	9
ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN	11
	11 ESTRUTURA ORGÁNICA E RECURSOS HUMANOS
	16 CALIDADE INTERNA
	16 TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN
	17 XESTIÓN ECONÓMICA
ACTIVIDADES E PROGRAMAS REALIZADOS EN 2012	19
	19 AVALIACIÓN DE TÍTULOS E CENTROS
	23 AVALIACIÓN DO PROFESORADO
	38 AVALIACIÓN DA INVESTIGACIÓN
	43 ESTUDOS DE INSERCIÓN LABORAL
COOPERACIÓN E COMUNICACIÓN	49
	49 ACTIVIDADES INTERNACIONAIS
	51 OUTRAS COLABORACIÓNS
	52 CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS
	53 PUBLICACIÓNS



A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) créase no ano 2001 coa misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

A ACSUG pertence á Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU) e é unha das axencias participantes na Comisión Universitaria para a Regulación do Seguimento e Acreditación dos Títulos Universitarios (CURSA), comisión que realiza un labor fundamental no deseño e establecemento de metodoloxías de avaliación para as titulacións universitarias oficiais.

En 2012 a ACSUG seguiu concedendo especial importancia á súa proxección internacional, participando nas actividades da European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA) de que é membro de pleno dereito desde 2009. A ACSUG tamén está inscrita desde 2010 no European Quality Assurance Register for Higher Education (EQAR), ao cal pertencen axencias de calidade universitaria a nivel europeo que son recoñecidas polo seu profesionalidade e credibilidade no desenvolvemento das súas actividades.

A ACSUG, como organismo de control e avaliación da calidade universitaria, considera fundamental en primeiro lugar, garantir un adecuado funcionamento interno para unha realización eficaz e eficiente das actividades. Por iso, no ano 2012 renováronse as certificacións externas do sistema de xestión de calidade e medio ambiente da ACSUG, coa empresa AENOR, por un período de 3 anos (2012-2015).

A ACSUG continuou coa realización de actividades xa implantadas anteriormente, buscando sempre abarcar todos os grupos de interese do SUG e mellorar a calidade das universidades galegas. Entre estas actividades podemos destacar: a verificación e o seguimento de titulacións universitarias, distintos procesos de avaliación do profesorado universitario, a realización de estudos de inserción laboral etc.

Durante o ano 2012 organizáronse por parte de ACSUG varios seminarios nos campus universitarios de Galicia, cos obxectivos fundamentais de divulgar e dar a coñecer as actividades desenvolvidas pola ACSUG, así como fomentar a participación de académicos, profesionais e estudantes de Galicia en programas de avaliación da calidade. Estes seminarios, de 2 días de duración cada un, contaron coa asistencia de 394 persoas, 239 deles académicos, 49 do ámbito profesional e 41 estudantes.

Outras actividades destacadas, a nivel internacional, son a avaliación de centros universitarios da Universidade de San Martín de Porres de Perú, a sinatura de convenios de colaboración con outras universidades de Perú e a continuación no Proxecto Tempus da Unión Europea para o establecemento da Rede de Aseguramento de Calidade e Acreditación de Asia Central (CANQA).

Esperamos que esta memoria, que reflicte o traballo e a ilusión do persoal da ACSUG no desempeño do seu labor, contribúa á difusión das diversas accións realizadas no ano 2012.



A ACSUG plasmou nun documento público o seu código ético, establecendo os principios e os obxectivos xerais e estratéxicos que serven como base na realización das actividades da axencia.

Neste documento inclúense a misión e visión da ACSUG:

MISIÓN

A ACSUG ten a misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), para o que se levan a cabo accións de elaboración de informes, avaliación, certificación e acreditación das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as relacionadas coa docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e a xestión.

A ACSUG serve de soporte constante de recollida e canalización de información entre as universidades galegas, outras institucións e axentes sociais, contribuíndo a que o SUG se manteña *permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes*.


VISIÓN

A ACSUG pretende ser un referente en canto á garantía de calidade das institucións de educación superior do SUG, sendo recoñecida en Galicia, en España e a nivel internacional pola súa independencia, transparencia e credibilidade.



ESTRUTURA ORGÁNICA E RECURSOS HUMANOS

No seguinte gráfico pode observarse a estrutura orgánica e operativa da ACSUG:



A estrutura orgánica da ACSUG componse de órganos de goberno e dirección, consultivos e de avaliación.

Os órganos de goberno e dirección da ACSUG son a presidenta ou presidente, o Consello de Dirección e a directora ou director.

A Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) como órgano superior de avaliación e o Consello Asesor como órgano consultivo son órganos permanentes da ACSUG.

A presidenta ou presidente da ACSUG

É o máximo representante institucional da Axencia. O seu cargo ten unha duración de catro anos.

D.^a María Patrocinio Morrondo Pelayo exerce como presidenta da ACSUG desde o de 9 xullo de 2009.

O Consello de Dirección

É o órgano superior de goberno, dirección e xestión da ACSUG e está formado (decembro 2012) polos seguintes membros:

- A presidenta ou presidente da ACSUG, que tamén o será do Consello de Dirección.
 - D.^a María Patrocinio Morrondo Pelayo
- A persoa titular do departamento que teña atribuídas as competencias en materia de universidades.
 - D. Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- Os titulares de cada un dos departamentos que teñan atribuídas as competencias en materia de Educación Superior e en Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

- D. José Alberto Díez de Castro
Secretario Xeral de Universidades
 - Don Ricardo Capela Pueyo
Director da Axencia Galega de Innovación
- As reitoras ou reitores das universidades integrantes do sistema universitario de Galicia.
 - D. Xosé Luís Armesto Barbeito
Reitor Magnífico da Universidade da Coruña.
 - D. Juan José Casares Long
Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela
 - D. Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor Magnífico da Universidade de Vigo
 - As presidentas ou presidentes dos consellos sociais das universidades integrantes do SUG.
 - D. Antonio Abril Abadín
Presidente do Consello Social da Universidade da Coruña.
 - D. Manuel Puga Pereira
Presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela
 - D. Ernesto Pedrosa Silva
Presidente do Consello Social da Universidade de Vigo
 - Dúas persoas designadas pola persoa titular do departamento que teña atribuídas as competencias en materia de universidades de entre destacados membros da comunidade académica e científica.
 - D. Francisco Campos Freire
 - D. José Carlos de Miguel Domínguez
 - Dúas persoas designadas pola persoa titular do departamento que teña atribuídas as competencias en materia de Investigación, Desenvolvemento e Innovación de entre destacados membros da comunidade científica ou empresarial.
 - D. Jaime Fábregas Casal
 - D.^a Sonia Rodríguez-Campos González

h) A presidenta ou presidente da CGIACA.

- D. Miguel Anxo Santos Rego
- Dous estudantes do sistema universitario de Galicia, nomeados polo Consello da Xuventude de Galicia.
 - D. Gerardo Chamorro Casal
 - D. Pablo Málvarez Villaverde
 - A directora ou director da ACSUG que asistirá ás reunións con voz e sen voto.
 - D. José Eduardo López Pereira
 - O titular do departamento que teña atribuídas as competencias sobre calidade de cada unha das universidades do sistema universitario de Galicia, que asistirá ás reunións con voz e sen voto.
 - D. Julio E. Abalde Alonso
Vicerreitor de Calidade e Novas Tecnoloxías da Universidade da Coruña
 - D.^a Benita Silva Hermo
Vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade da Universidade de Santiago de Compostela
 - D. Ignacio Barcia Rodríguez
Vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade da Universidade de Vigo
 - Secretario do Consello de Dirección, con voz e sen voto
 - D. Francisco Rico Rei
Técnico da ACSUG

A directora ou director da ACSUG

Correspóndelle á directora ou director ser o órgano executivo da ACSUG. Dirixe, organiza, xestiona e inspecciona as actividades da ACSUG, de acordo coas directrices do Consello de Dirección.

D. José Eduardo López Pereira exerce este cargo desde o 7 de setembro de 2009.

Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA)

A CGIACA, como órgano superior de avaliación da ACSUG exerce, con total independencia, as funcións de emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación que ten atribuídas a ACSUG a que se fai referencia no apartado primeiro do artigo 7 dos seus estatutos, así como outras funcións análogas propias do ámbito da garantía da calidade universitaria, que lle poidan ser encomendadas polo Consello de Dirección da ACSUG, ou pola normativa que resulte de aplicación.

O seu presidente, así como os seus vogais, son nomeados por un período de catro anos.

A CGIACA está formada (decembro 2012) polos seguintes membros:

- A presidenta ou presidente.
 - D. Miguel Anxo Santos Rego
- Seis vogais elixidos polo Consello de Dirección da ACSUG de entre destacados membros da comunidade académica e científica.
 - D. Juan Luís Barja Pérez
 - D.^a María José Bravo Bosch
 - D. Mercés Brea López
 - D. Gustavo Rodríguez Fontes
 - D.^a María Antonia Señarís Rodríguez
 - D. Jorge Teijeiro Vidal
- A directora ou director da ACSUG con voz e sen voto, que actuará como secretaria ou secretario.
 - D. José Eduardo López Pereira

O Consello Asesor

O Consello Asesor depende organicamente da directora ou director da ACSUG e, como órgano consultivo, entres

as súas funcións correspóndelle analizar o funcionamento da ACSUG e emitir un informe anual para o Consello de Dirección; informar, por petición da directora ou director da ACSUG, sobre os procedementos e actuacións que desenvolva a ACSUG; resolver, por petición da directora ou director da ACSUG, as controversias que se produzan respecto do cumprimento das normas ou códigos éticos e de boas prácticas, respecto dos procedementos e actuacións que desenvolva a ACSUG.

O Consello Asesor está formado (decembro 2012) polos seguintes membros:

- A presidenta ou presidente, que será a directora ou director da ACSUG.
 - D. José Eduardo López Pereira
- Entre seis e dez membros, designados polo Consello de Dirección da ACSUG, de entre personalidades de recoñecido prestixio do ámbito científico, académico e profesional, tanto nacional como internacional, externos ao sistema universitario de Galicia. Débese garantir a presenza de representantes do sector empresarial e dos estudantes universitarios, que non terán que ser alleos ao ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia:
 - Dona Patricia Odber de Baubeta
Vogal Académica (University of Birmingham)
 - Don Arcangelo Gentile
Vogal Académico (Università di Bologna)
 - Dona María Caridade Sánchez Acedo
Vogal Académica (Universidade de Zaragoza)
 - Don Josep M. Brucart Marraco
Vogal Académico (Universidade Autónoma de Barcelona)
 - Don Antonio Leal Millán
Vogal Académico (Universidade de Sevilla)
 - Don Adrián López Lorenzo
Vogal representante do sector estudiantil

- Don Fermín Santín Mon
Vogal representante do sector estudiantil
 - Don Gabriel González Vázquez
Vogal representante do sector empresarial
 - Don Enrique Ulloa Canalejo
Vogal representante do sector empresarial
- c) Unha secretaria ou secretario do Consello Asesor.
- D. Luís Carlos Velón Sixto
Técnico da ACSUG

Recursos humanos

A ACSUG contou, durante o exercicio 2012, cun cadro de persoal composto por 16 traballadores distribuídos en catro áreas de traballo:

GABINETE DE DIRECCIÓN

Técnica en Gabinete de Dirección
López Lorenzo, Ana Isabel

Técnico en Xestión de Calidade
Velón Sixto, Luís Carlos

UNIDADE DE PROFESORADO

Técnico de Profesorado
Rico Rey, Francisco

Técnica de Profesorado
Bouso Montero, Lucía

Administrativa
Millán Buceta, Sandra

Administrativa
Lesta Chapela, Eurne

UNIDADE DE PROGRAMAS

Técnica de Programas
Belmonte Otero, Isabel

Técnica de Programas
Ríos de Deus, María Paula

Técnica de Programas
Castro Pais, María Dolores

Técnica de Programas
Fernández Montes, María Carmen

UNIDADE DE XESTIÓN

Técnico en AAEE e RRHH
Martínez Lafuente, Aitor

Técnica Informática
Sierra Sánchez, María

Técnica Informática
Mallo Rey, Marta

Técnico Especialista en Informática
Baña Souto, José Manuel

Administrativa
Couceiro Novais, María Virtudes

Administrativo
Domínguez Martínez, Santiago

O Gabinete de Dirección encárgase fundamentalmente das relacións externas da ACSUG, do apoio aos comités de avaliadores expertos, así como do control e mellora continua da calidade interna da ACSUG.

Á Unidade de Profesorado correspóndelle o desenvolvemento, entre outras actividades, de xestionar as convocatorias sobre avaliación e informe previo á contratación do profesorado universitario, da avaliación para a asignación das retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais dos profesores funcionarios e contratados doutores, de facer unha análise e seguimento das capacidades en I+D asociadas ao ámbito universitario, así como doutras funcións de avaliación de profesorado universitario e grupos de investigación encomendadas á ACSUG por convenio.

A Unidade de Programas ocúpase principalmente dos procesos de verificación, seguimento e modificación de títulos oficiais, da avaliación do deseño e certificación da implantación de procedementos de garantía interna de calidade dos centros, da avaliación de centros externos ao Sistema Universitario Español (SUE), do desenvolvemento do programa de avaliación docente

do profesorado universitario (Programa Docencia), así como de estudos de inserción laboral dos titulados universitarios do SUG.


Na Unidade de Xestión encádranse os departamentos encargados de dar soporte ao resto de unidades así como dos servizos xerais da ACSUG (Asuntos Económicos, Recursos Humanos, Servizos Informáticos, Recepción, Rexistro e Arquivo), necesarios para un correcto desempeño das tarefas encomendadas á ACSUG.

Comités de asesores expertos

Nos diferentes procesos de avaliación, a ACSUG conta coa colaboración de comités de asesores expertos.

A xestión de asesores expertos lévase a cabo seguindo o protocolo aprobado pola CGIACA (máximo órgano de avaliación da ACSUG) a través do cal se establece o procedemento de elección dos asesores expertos e se definen e establecen os criterios para a formación dos diferentes comités de avaliación, que se requiran nas actividades que realice a ACSUG.

No seguinte gráfico móstrase o número de avaliadores que colaboraron coa ACSUG no ano 2012:



CALIDADE INTERNA

Sistema de xestión interno de calidade e medio ambiente

A ACSUG ten implantado un sistema de xestión interno seguindo as normas ISO 9001:2008 (calidade), así como a ISO 14001:2004 e o Regulamento EMAS do ano 2009 (ambas de xestión medioambiental).

Como organismo de control e avaliación da calidade universitaria, a ACSUG considera fundamental garantir un adecuado funcionamento interno para unha realización eficaz e eficiente das actividades.

En febreiro do ano 2012 finalizaban os tres anos do ciclo de certificación do sistema de xestión (2009-2012), polo que a ACSUG contactou novamente con AENOR para levar a cabo un novo proceso de certificación externa.

Logo da realización das auditorías externas por parte de AENOR, a ACSUG conseguiu a certificación externa

para o período 2012-2015, nas normas ISO 9001:2008 (calidade), ISO 14001:2004 e Regulamento EMAS do ano 2009 (xestión medioambiental).

As melloras importantes en que ACSUG ten que seguir incidindo son: continuar co impulso da medición sistemática da satisfacción de clientes e usuarios de ACSUG, avaliación sistemática do traballo realizado para ACSUG polos expertos externos e o establecemento dun novo deseño e estrutura para a páxina web: www.acsug.es

Outras normas implantadas relacionadas coa calidade e a xestión

ACSUG busca sempre implantar calquera outra norma que posibilite levar a cabo unha realización das actividades dun xeito máis eficiente e eficaz. Por iso ten implantada a Lei de Prevención de Riscos Laborais (LPRL) e a Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD).

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

Durante o ano 2012, ademais das tarefas derivadas da actividade diaria da ACSUG, os servizos informáticos desenvolveron as seguintes actividades:

- Proposta para a renovación da páxina web da ACSUG. Esta nova páxina desenvólvese tomando como base o xestor de contidos Drupal. Dáse acceso a unha versión en probas ao persoal, para que se vaianachegando novas ideas e contidos, sempre co obxectivo de facilitar o acceso á información ao usuario final.
- Melloras nas aplicacións que xestionan os complementos autonómicos das universidades do SUG: complementos de labor docente e investigador, complementos por cargos de xestión e complementos de excelencia curricular.
- Melloras na aplicación que xestiona o proceso de acreditación de profesorado (avaliación previa á

contratación como profesor contratado doutor, axudante doutor e de universidade privada e informe previo á contratación excepcional de profesor colaborador).

- Melloras e adaptación da aplicación que xestiona o Programa de Apoio á avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (Programa DOCENTIA). Nestas convocatorias experimentais, tanto na Universidade da Coruña como na Universidade de Santiago de Compostela, o Manual do Programa DOCENTIA está sufrindo cambios continuos e a ferramenta informática ten que se adaptar.
- Melloras e adaptación da aplicación desenvolvida para a Universidade de Oviedo que permite a avaliación dos sexenios de investigación do persoal investigador contratado non permanente e interino de devandita universidade. A mellora máis salientable é a incorporación dun módulo para a xestión dos recursos ás resolucións.
- Melloras na aplicación para a xestión do Programa Especial de Promoción de PDI da Universidade de Vigo. Por petición da Universidade en cuestión, a aplicación permite agora xuntar a xustificación dos méritos curriculares en formato electrónico.

XESTIÓN ECONÓMICA

O financiamento das actuacións que realiza a ACSUG está cuberta por unha partida específica acordada no Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015 e recollida nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2012.

Este crédito orzamentario permite á ACSUG, de forma axustada, desenvolver as actividades que ten atribuídas pola disposición adicional vixésimo sétima da Lei do Parlamento de Galicia 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, e que se describen no artigo 7 dos seus estatutos.

Contra este crédito orzamentario, a ACSUG tamén desenvolve parcialmente actividades cuxa competencia corresponden á Secretaría Xeral de Universidades, principalmente relacionadas coa análise e avaliación da calidade da investigación que se realizan no SUG.

Doutra banda, no exercicio 2012, a ACSUG asinou convenios de colaboración para a realización de diversas actividades de avaliación, o cal lle reportou novos ingresos en concepto de contraprestación.

A continuación descríbese un resumo da liquidación do orzamento de gastos do exercicio 2012

Obrigas recoñecidas	Importes
Gastos de persoal	473.047,12
Gastos correntes en bens e servizos	740.391,66
Investimentos reais	3.331,98
Importe total	1.216.797,76

Obrigas recoñecidas por áreas	Importes
Órganos da ACSUG	93.753,23
Avaliación de profesorado	442.949,87
Avaliación de programas	318.862,63
Actividades de colaboración externas	72.544,22
Gastos de xestión interna	288.687,81
Importe total	1.216.797,76

As contas anuais e a liquidación do orzamento son auditadas de forma anual. Unha vez terminado o proceso de auditoría, esta documentación é remitida, xunto co informe dos auditores, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia, para o seu coñecemento.



AVALIACIÓN DE TÍTULOS E CENTROS

VERIFICACIÓN-MODIFICACIÓN de títulos oficiais

Conforme ao establecido nos artigos 25, 27 e 27 bis do RD 861/2010 de 2 de xullo que modifica o RD 1393/2007 do 29 de outubro e o disposto pola "Secretaría Xeral de Universidades" da "Consellería de Educación e Ordenación Universitaria" da "Xunta de Galicia", a ACSUG é a responsable da avaliación previa á verificación polo Consello de Universidades, dos novos plans de estudo presentados polas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), do seguimento anual dos títulos inscritos no Rexistro de universidades, centros e títulos (RUCT) e da renovación da súa acreditación no prazo que establece a normativa citada.

O procedemento de avaliación de cada expediente/proposta de título pasa polas seguintes fases:

- 1) Presentación da Memoria de cada título por parte da universidade ao Consello de Universidades (CU) a través da aplicación informática creada, para ese efecto, polo Ministerio de Educación.
- 2) Revisión e validación da documentación polo CU e envío do plan de estudos á ACSUG.
- 3) Asignación de cada expediente á Comisión de Avaliación de Rama (CER) correspondente e elaboración do informe provisional pola ACSUG, seguindo os

protocolos de avaliación deseñados por esta para tal efecto, respectando os acordos de REACU.

- 4) Envío do informe provisional á universidade e apertura dun prazo de alegacións (20 días naturais).
- 5) Revisión das alegacións pola CER correspondente, elaboración do Informe Final pola ACSUG en termos favorables ou desfavorables e envío ao CU.
- 6) O CU comunica a resolución de verificación ao MEC, á Comunidade Autónoma e á Universidade.
- 7) No caso de informe favorable, a Comunidade Autónoma debe decidir sobre a súa autorización.
- 8) Se se aproba a súa autorización, o título inscríbese no RUCT e considérase título acreditado.
- 9) Un vez implantado o título, a ACSUG realizará un seguimento anual deste tomando como base os acordos tomados pola CURSA.
- 10) Transcorridos 6 anos no caso de grao e doutoramento e 4 anos no caso de mestrado, procederase á renovación da acreditación, a condición de que a ACSUG comprobe que o plan de estudos estase desenvolvendo conforme ao proxecto inicial (que incluírá, en todo caso, unha visita de expertos externos á universidade) e ás recomendacións establecidas durante o proceso de seguimento.

TÍTULOS AVALIADOS POLA ACSUG EN 2012

No ano 2012 realizáronse 15 verificacións de mestrado e 3 de doutoramentos. Realizáronse tamén 83 modificacións de títulos.

Rama de Coñecemento	VERIFICACIÓN				MODIFICACIÓN			TOTAL
	Grao	Mestrado	Doutoramento	TOTAL	Grao	Mestrado	TOTAL	
Artes e Humanidades	0	0	1	1	10	2	12	13
Ciencias	0	2	1	3	4	6	10	13
Ciencias da Saúde	0	0	0	0	7	4	11	11
Ciencias Sociais e Xurídicas	0	7	0	7	12	9	21	28
Enxeñaría e Arquitectura	0	6	1	7	18	11	29	36
TOTAL	0	15	3	18	51	32	83	101

Número de títulos verificados por universidade en 2012:

UNIVERSIDADE	N.º de títulos de grao	N.º de títulos de mestrado	N.º de títulos de doutoramento	TOTAL
UDC	0	10	1	11
USC	0	4	1	5
UVI	0	1	1	2
TOTAL	0	15	3	18

Seguimento de títulos oficiais de grao e mestrado

No ano 2012 as Comisións de Avaliación de Expertos Externos, nomeadas pola ACSUG, analizaron o contido dos informes de seguimento de 188 títulos oficiais de grao e mestrado das tres universidades do SUG correspondentes ao curso académico 2010-2011. Nunha primeira fase a ACSUG seleccionou, segundo os criterios recollidos na guía "Seguimento de títulos oficiais", un total de 122 títulos. Nunha segunda fase, por petición das universidades do SUG incorporáronse ao proceso 66 títulos de grao.

O proceso de seguimento permite:

- Asegurar que a información pública pertinente e relevante para os diferentes grupos de interese do sistema universitario estea dispoñible.

- Garantir que o título realiza unha revisión en profundidade da súa posta en marcha baseada na información cuantitativa e cualitativa dispoñible, elaborando, se fose necesario, propostas de mellora que sirvan para corrixir as desviacións observadas.

- Comprobar o grado de execución das propostas de mellora derivadas das recomendacións do Informe Final de Verificación.

A valoración de «conforme» ou «non conforme» nos informes de seguimento non vai referida á calidade do título senón á forma como o centro está levando a cabo o devandito proceso.

Número de seguimento de títulos realizados en 2012.

Universidade	Título	Rama	Valoración		TOTAL		
			Conforme	Non conforme			
UDC	Grao	Artes-Humanidades	0	2	42		
		Ciencias	1	0			
		Ciencias da Saúde	1	3			
		Ciencias Sociais-Xurídicas	4	4			
		Enxeñaría-Arquitectura	5	3			
	TOTAL	11	12	23			
				47,83%		52,17%	
	Mestrado	Artes-Humanidades	0	1			
		Ciencias	1	0			
		Ciencias da Saúde	0	3			
Ciencias Sociais-Xurídicas		6	2				
Enxeñaría-Arquitectura		0	6				
TOTAL	7	12	19				
			36,84%	63,16%			
USC	Grao	Artes-Humanidades	8	1	77		
		Ciencias	1	3			
		Ciencias da Saúde	0	2			
		Ciencias Sociais-Xurídicas	1	8			
		Enxeñaría-Arquitectura	2	1			
	TOTAL	12	15	27			
				44,44%		55,56%	
	Mestrado	Artes-Humanidades	1	6			
		Ciencias	2	10			
		Ciencias da Saúde	1	7			
Ciencias Sociais-Xurídicas		6	10				
Enxeñaría-Arquitectura		2	5				
TOTAL	12	38	50				
			24%	76%			

UVI	Grao	Artes-Humanidades	4	1		
		Ciencias	4	0		
		Ciencias da Saúde	1	1		
		Ciencias Sociais-Xurídicas	4	1		
		Enxeñaría-Arquitectura	3	2		
	TOTAL		16	5	21	
			76%	24%		
	Mestrado	Artes-Humanidades	2	5		
		Ciencias	1	4		
		Ciencias da Saúde	0	1		
Ciencias Sociais-Xurídicas		8	10			
Enxeñaría-Arquitectura		3	14			
TOTAL		14	34	48		
		29%	71%			
TOTAL		72	116			
		38,30%	61,70%			
TOTAL		188				

Acreditación de títulos universitarios

Todos os títulos verificados e postos en marcha deben someterse a un novo proceso, chamado acreditación, cada seis anos no caso de graos e cada catro anos no caso de mestrados ou doutoramentos.

As universidades galegas solicitaron, á Consellería de Educación, a renovación da acreditación para o primeiro semestre do 2013, de 38 títulos oficiais de mestrado. Con todo, está prevista a publicación dun Real decreto que estableza unha moratoria do proceso para os próximos dous anos.

Sistemas de Garantía Interna de Calidade. Programa FIDES-AUDIT

O 13 de decembro de 2012, ACSUG, UNIBASQ, AQU Catalunya e ANECA procederon á entrega dos certificados AUDIT daqueles SGIC presentados na cuarta convocatoria, cuxo deseño, tras ser avaliado, se considerou ben definido, coherente coas directrices do programa e apoiado nunha estrutura organizativa capaz de implementalo, para garantir o cumprimento dos compromisos de calidade asumidos por parte de distintas universidades.

Neste acto recibiron o certificado AUDIT un total de 33 centros, correspondentes a 13 universidades españolas, asistindo numerosas autoridades académicas e representantes de axencias. Das universidades galegas recibiron o certificado os seguintes centros:

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:

- Escola Universitaria de Relacións Laborais
- Facultade de Ciencias
- Facultade de Ciencias da Educación
- Facultade de Filosofía
- Facultade de Humanidades

UNIVERSIDADE DE VIGO:

- Escola Universitaria de Enfermaría de Meixoeiro (CHUVI)
- Escola Universitaria de Enfermaría - Ourense
- Escola Universitaria de Enfermaría - Pontevedra
- Escola Universitaria de Enfermaría de Povisa
- Escola Universitaria de Maxisterio "María Sedes Sapientiae"


AVALIACIÓN DO PROFESORADO

Avaliación e informe previo para a contratación do profesorado universitario polas universidades do SUG

No ano 2012 realizáronse as seguintes convocatorias de acreditación de profesorado:

- Resolución do 26 de marzo de 2012, da Presidenta da ACSUG pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a obtención da avaliación previa á contratación de profesorado polas universidades do SUG.
- Resolución do 26 de marzo de 2012, da Presidenta da ACSUG pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a obtención do informe previo á contratación


excepcional de profesorado colaborador polas universidades do SUG. Esta figura excepcional ten unha peculiaridade significativa, e é que está destinada só a aquelas persoas que teñan unha titulación universitaria concreta: unha diplomatura, unha enxeñaría ou arquitectura técnica. A normativa establece esta particularidade como requisito imprescindible para a admisión a trámite das solicitudes desta figura. Xeralmente non se interpreta correctamente por parte dos interesados esta singularidade, dando lugar a un número elevado de resolucións improcedentes con respecto ao número de solicitudes.



Mostra o número total de solicitantes e solicitudes por figura (CD: contratado doutor, AD: axudante doutor, UP: universidade privada, CO: colaborador).

*SUG: Sistema Universitario de Galicia


No gráfico seguinte podemos observar o número de recursos presentados:



Comparación entre resolúcións desfavorables e recursos de reposición presentados. (CD: contratado doutor, AD: axudante doutor, UP: universidade privada, CO: colaborador).

*SUG: Sistema Universitario de Galicia

Logo da etapa de resolución dos recursos de reposición presentados, estes son os datos definitivos do procedemento de acreditación:



Mostra o resultado final da convocatoria de solicitudes por figura. (CD: contratado doutor, AD: axudante doutor, UP: universidade privada, CO: colaborador)

*SUG: Sistema Universitario de Galicia

Avaliación e informe previo para a progresión e consolidación dos profesores colaboradores contratados polas universidades do SUG

A través da Orde do 22 de abril de 2008 (DOG do 5 de maio de 2008), establécese o procedemento que debe seguir a ACSUG para a emisión do informe previo á prórroga dos contratos de profesores colaboradores das universidades públicas de Galicia, así como para a emisión da avaliación previa á adquisición do carácter indefinido dos referidos contratos, de conformidade co establecido no artigo 6 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario e nos artigos 9 e 10 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG.

- **Informe previo á prórroga do contrato de profesoras e profesores colaboradores:** poden solicitar este informe todos aqueles que estean contratados por algunha das universidades públicas de Galicia como profesoras e profesores colaboradores e se atopen no último ano do período inicial máximo de catro anos de contrato a que se refire o artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario.
- **Avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesoras e profesores colaboradores:** poden solicitar esta avaliación todos aqueles que tivesen prorrogado o seu contrato como profesoras e profesores colaboradores por algunha

Figura/Universidade	SOLICITUDES CLD	SOLICITUDES CLI	TOTAL SOLICITUDES
UDC	47	51	98
USC	30	29	59
UVI	40	39	79
TOTAIS	117	119	236

Distribución de solicitudes por tipo de complemento e por universidade

Figura/Universidade	TOTAL SOLICITUDES	RESULTADOS TOTAIS	
		CUMPREN	NON CUMPREN
UDC	98	94	4
USC	59	52	7
UVI	79	70	9
TOTAIS	236	216	20

Distribución de solicitudes por universidade e por resultado

Figura/Universidade	SOLICITUDES CLD	DISTRIBUCIÓN RESULTADOS CLD	
		CUMPREN	NON CUMPREN
UDC	47	46	1
USC	30	26	4
UVI	40	35	5
TOTALES	117	107	10

Distribución das solicitudes do complemento labor docente por universidades e por resultado

Figura/Universidade	SOLICITUDES CLI	DISTRIBUCIÓN RESULTADOS CLI	
		CUMPREN	NON CUMPREN
UDC	51	48	3
USC	29	26	3
UVI	39	35	4
TOTAIS	119	109	10

Distribución das solicitudes do complemento labor investigador por universidades e por resultado

Distribución das solicitudes por universidade e por categoría ocupada na universidade (CU: Catedrático de Universidade, TU: Titular de Universidade, CEU: Catedrático de Escola Universitaria, TEU: Titular de Escola Universitaria, CD: Contratado Doutor)

FIGURA	UDC	USC	UVI	TOTAIS
CU	0	0	0	0
TU	18	21	19	58
CEU	0	0	0	0
TEU	8	1	4	13
CD	72	37	56	165
OUTRAS	0	0	0	0
TOTAIS	98	59	79	236

Nesta convocatoria podemos mencionar que a maioría de solicitantes foron contratados doutores e titulares de universidade, isto débese ás novas contratacións e conversións dunhas categorías noutras. A maioría do funcionamento que compón o SUG ten concedidos estes complementos desde as primeiras convocatorias. Tamén é importante mencionar que o volume de solicitudes vai diminuindo ao longo dos anos debido a que se van consolidando.

Neste tipo de complementos non é significativa a interposición de recursos, dado que nesta convocatoria só tivemos 2, os cales foron desestimados.

Complemento retributivo autonómico de excelencia curricular docente e investigadora

Este complemento desenvolve o seu protocolo de avaliación, en primeiro lugar, mediante a Orde do 16 de abril de 2004 (DOG do 28 de abril), que posteriormente se completa coa publicación do protocolo de avaliación elaborado pola CGIACA mediante a Orde do 16 de outubro de 2006 (DOG do 26 de outubro). Nel recóllense os criterios e méritos, para a valoración previa á asignación dos complementos de excelencia curricular e de recoñecemento polos cargos de xestión, vixentes ata este momento.

Tal e como se sinalou na memoria de actividades anterior, a convocatoria correspondente ao 2011 sae publicada cara a finais de ano, concretamente o 1 de decembro. Isto deriva en que os trámites de xestión e avaliación de expedientes se realizan ao longo do primeiro cuadrimestre do 2012; polo tanto, os resultados da convocatoria de 2011 son obxecto de estudo na presente memoria de actividades de 2012. Como vén sendo habitual, e polo mesmo motivo, os datos correspondentes á convocatoria de 2012 serán estudados na memoria de actividades de 2013.

Esta convocatoria é especial, pois cúmprense 5 anos desde a primeira convocatoria e a maior parte dos solicitantes que se presentaron pertencen ao grupo dos reavaliados. Seguindo a normativa vixente, aos 5 anos de presentar a súa solicitude, o solicitante debe someter a actividade docente e investigadora desenvolvida no devandito período a un novo proceso de avaliación. Excepcionalmente, poderá ser avaliada transcorridos 3 anos, a condición de que se obtivesen novos quinquenios e/ou sexenios (puntuación básica).

Por este motivo, foi unha convocatoria cun gran número de solicitudes. O ano 2006 fora unha convocatoria masiva de máis de 1600 solicitudes. A maioría dos reavaliados nesta convocatoria son solicitantes de 2006; con todo, tamén existen solicitantes que son reavaliadas

aos 3-4 anos. Para esta convocatoria houbo un total de 914 solicitudes cun 99,2 % de resolucións positivas.

gráfica, o máis importante é establecer a diferenza que existe entre solicitantes reavaliados e novos solicitantes.

Se analizamos os resultados do complemento de excelencia curricular de 2011, tanto na táboa como na


UNIVERSIDADES		RESOLUCIÓN NEGATIVAS		RESOLUCIÓN POSITIVAS		DISTRIBUCIÓN DE SOLICITUDES POR TRAMOS (CONVOCATORIA 2011)																		
		-4	-3	-2	-1	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14				
UDC 155	NOVO SOLICITANTE	39	1	38	0	0	0	0	0	1	1	8	19	6	2	0	0	0	1	0	0	0	0	
	SOLICITANTE REAVALIADO	116	1	115	0	0	1	4	21	30	38	14	5	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
USC 540	NOVO SOLICITANTE	77	0	77	0	0	0	0	0	2	1	17	26	18	10	2	0	0	1	0	0	0	0	0
	SOLICITANTE REAVALIADO	463	0	463	1	2	5	34	90	128	141	56	5	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
UVI 219	NOVO SOLICITANTE	46	3	43	0	0	0	0	0	0	5	6	16	7	6	3	0	0	0	0	0	0	0	0
	SOLICITANTE REAVALIADO	173	2	171	0	0	3	2	29	54	49	24	9	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total 914	NOVO SOLICITANTE	162	4	158	0	0	0	0	0	3	7	31	61	31	18	5	0	0	2	0	0	0	0	0
	SOLICITANTE REAVALIADO	752	3	749	1	2	9	40	140	212	228	94	19	4	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Resultados da convocatoria do complemento de excelencia curricular 2011

Os resultados con valores negativos (-4, -3, -2 tramos, -1 tramo) e o tramo 0, só son aplicados aos expedientes reavaliados. Para os novos solicitantes supoñería resultado negativo sen retribución. O máis significativo desta análise é que, no seu conxunto, o total de solicitudes de reavaliados nesta convocatoria supón máis do triplo que os novos solicitantes. Isto é debido, na súa maioría, á situación de reevaluación dos solicitantes de 2006

Os casos con resultado negativo responden a varios factores, sendo a non posesión de 2 quinquenios de docencia e un sexenio de investigación (puntuación básica) a casuística máis común. Tamén pode darse o caso, entre os solicitantes reavaliados, que non posúan un novo mérito de básica no momento en que se presentan a reevaluación;

este é un requisito esixido na convocatoria. Tamén obteñen resultado negativo os solicitantes que non cumpran con outros criterios establecidos na propia convocatoria, tales como a condición de ser funcionarios ou contratados doutores ou que a súa praza non sexa fixa e estable ou que non poidan acreditar un ano de servizo nela.



Debemos sinalar que, no caso dos reavaliados, a táboa reflicte os tramos que se van incorporando en cada convocatoria ás puntuacións xa consolidadas. No caso dos novos solicitantes é o resultado total obtido.

Nesta primeira táboa non figuran moitas resolucións con puntuacións en tramos superiores a 7, debido a que non se reflicte o número total de tramos que pode ter un mesmo solicitante sumando as puntuacións adquiridas en distintas convocatorias. A probabilidade de obter nunha soa convocatoria esas puntuacións é moi limitada.


Na táboa que se mostra a continuación, a análise é diferente. Imos comprobar a situación actual dos reavaliados que se presentaron en 2011 tendo en conta os seus tramos previos. Vemos como, efectivamente, existen candidatos que posúen o número total de tramos posibles para esta convocatoria (14 tramos totais: 9 p. de básica e 5 de p. adicional). Para analizar estes resultados seleccionamos só os candidatos que se presentan a reavaliación nesta convocatoria de 2011, recordemos que

a maioría son reavaliados de 2006. Partindo dos tramos previos obtidos, a aplicación conserva os correspondentes á súa puntuación básica pero non os correspondentes á súa puntuación adicional. Esta puntuación parte desde 0 puntos, pois o período de 5 anos que se ten en conta da súa traxectoria profesional é diferente. Isto derívase en que determinados solicitantes subiron de tramo, outros mantivéronse na mesma puntuación e hainos que ata baixaron o seu número total de tramos.

UNIVERSIDADES	*RESOLUCIÓN POSITIVAS	TRAMOS TOTAIS OBTIDOS POR SOLICITANTES DE REAVALIADOS (SUMANDO DATOS PREVIOS) PARA A CONVOCATORIA DE 2011													
		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14
SOLICITANTE REAVALIADO UDC	106	0	0	4	7	21	21	18	15	16	9	2	1	0	1
SOLICITANTE REAVALIADO USC	463	0	1	8	33	59	66	76	59	51	48	33	18	10	1
SOLICITANTE REAVALIADO UVI	171	0	1	5	26	29	35	29	25	12	3	3	3	0	0
TOTAL SOLICITANTES REAVALIADOS	749	0	2	17	66	109	122	123	99	79	60	38	22	10	2

Reflicítese os resultados positivos, tramos totais que posúen os reavaliados para as tres universidades

Puntuación global dos solicitantes reavaliados na convocatoria 1C/11



Complemento retributivo por cargos de xestión

Con data do 27 de xaneiro de 2012, sae publicada a Resolución do 10 de novembro de 2011, pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar este complemento retributivo. É o último dos complementos retributivos autonómicos que se desenvolveu de acordo co Decreto 55/2004 do 4 de marzo e de acordo co protocolo de avaliación publicado na Orde do 16 de outubro de 2006 (DOG do 26 de outubro). Tras a certificación por parte das universidades do SUG dos cargos alegados polos solicitantes, ditáronse as resolucións pola CGIACA (Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación) en abril de 2012. Este é o motivo polo cal non foi posible incluír os datos relativos aos resultados que os solicitantes obtiveran para esta convocatoria na memoria anterior e son incorporados na actual.

A primeira convocatoria publicouse en 2007, presentáronse a avaliación os posibles membros candidatos do SUG, de forma masiva. Desde esa primeira convocatoria, ademais da presenza de solicitantes novos, engádese unha nova característica aos perfís dos solicitantes, comeza a existir a figura do reavaliado.

Pódense presentar a reavaliación aqueles solicitantes que se presentaron en anteriores convocatorias, presenten para valoración un novo período dun cargo anterior ou un cargo diferente aos xa valorados. Isto tradúcese nunha modificación dos parámetros medidos e incorpóranse os resultados inferiores a 0,5 tramos.

A tendencia nos resultados nas distintas convocatorias foi similar, un número elevado de resolucións positivas. Nesta táboa apréciase o total de negativas para esta convocatoria.

Resultados da convocatoria 1D/11 de complementos retributivos por cargos de xestión

	SOLICITUDES AVALIADAS	RESULTADOS PORCENTUAIS
NEGATIVAS	63	21%
POSITIVAS	233	79%
TOTAL RESOLUCIÓN	296	

Como resolucións negativas teremos os seguintes supostos: os solicitantes que na súa primeira avaliación non obteñan polo menos 0.5 puntos/tramos, os solicitantes que non cumpran con outros criterios establecidos na propia convocatoria tales como: a condición de ser funcionarios ou C.D ou que a súa praza non sexa fixa e estable ou que non poidan acreditar un ano de servizo nela; os solicitantes reavaliados que, ou ben o seu resultado non sexa como mínimo de 0.1 puntos/tramos na reavaliación, ou ben que na súa globalidade (sumando os decimais anteriores e os novos) non obteñan 0.5 tramos.

Na seguinte táboa de 2011, vemos a repartición de resolucións positivas e negativas avaliadas repartidas


en tramos. Móstranse soamente as puntuacións que se incorporan aos expedientes de novos solicitantes e reavaliados para esta convocatoria 1D-11. O cómputo global de resolucións con puntuacións en tramos superiores a 6

ou 7 tramos é reducido. Non é moi probable que nunha soa convocatoria se alcancen esas puntuacións, só nalgúns casos.

SOLICITUDES AVALIADAS		TRAMOS CONVOCATORIA										
		<0.5*	≥0.5	≥1	≥2	≥3	≥4	≥5	≥6	≥7	8	
UDC	56	NOVO SOLICITANTE UDC	12	4	4	1	1	0	0	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO UDC	15	5	11	3	0	0	0	0	0	0
USC	121	NOVO SOLICITANTE USC	9	11	19	3	2	0	0	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO USC	10	9	46	8	3	1	0	0	0	0
UVI	119	NOVO SOLICITANTE UVI	7	14	8	2	1	0	0	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO UVI	23	18	33	1	11	1	0	0	0	0
TOTAL	296	NOVO SOLICITANTE	28	29	31	6	4	0	0	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO	48	32	90	12	14	2	0	0	0	0

Tramos obtidos na convocatoria 1D/11 de complementos retributivos por cargos de xestión

Nestoutra gráfica analizamos doutra banda, os tramos totais de cada solicitante reavaliado.



Tramos totais obtidos polos solicitantes reavaliados na convocatoria 1D/11

Facendo unha comparativa, vemos como o número de solicitantes que posúen entre 6 e 8 tramos (que é o máximo estipulado) aumentan de forma considerable. Hai que ter en conta que neste complemento, a diferenza do complemento retributivo de excelencia curricular, realízase a retribución en función dos decimais e puntos enteiros que adquira un solicitante sumando o que vaia adquirindo nas sucesivas convocatorias. A partir da súa primeira avaliación, os tramos/puntos vanse sumando aos anteriormente obtidos e vanse consolidando, ata alcanzar un máximo de 8 tramos. Cada tramo ten unha retribución de 240 €/brutos anuais.

Programa DOCENTIA

En 2007 a ACSUG asina un convenio de colaboración con ANECA, para poñer en marcha o Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (DOCENTIA) nas universidades galegas. O obxectivo é dispoñer duns mecanismos para xestionar a calidade da actividade docente do profesorado universitario e favorecer o seu desenvolvemento e recoñecemento.

Unha vez avaliados positivamente os deseños presentados polas universidades galegas, en 2009 comeza a fase de implantación experimental e seguimento dos deseños, cunha duración mínima de dous anos e que culminará coa súa certificación.

Ata decembro de 2012 a UDC ten finalizadas dúas convocatorias de implantación do seu deseño DOCENTIA e ten aberta a 3.ª convocatoria realizando as avaliacións durante o mes de decembro. A USC tamén está na 3.ª convocatoria de implantación do programa e realiza as avaliacións a principios do próximo ano.

No que respecta á UVI, está en proceso de revisión do seu *Manual de avaliación* e pendente da apertura da 2.ª convocatoria.

Paralelamente, durante 2012 a Comisión de Avaliación, nomeada polas diferentes axencias de avaliación implicadas, realizou o 2.º seguimento da implantación dos modelos de avaliación, entre eles o da UDC e USC.

En canto aos documentos do programa, a Comisión DOCENTIA¹ elaborou o *Procedemento de certificación dos procedementos DOCENTIA*, cuxo obxectivo é certificar os deseños implantados nas universidades conforme a uns criterios establecidos.

Outras avaliacións de profesorado

Avaliación do profesorado da Universidade de Oviedo


En cumprimento do Convenio asinado entre a ACSUG e a Universidade de Oviedo con data 10 de febreiro de 2009, realízanse as avaliacións previas á emisión dos informes correspondentes á avaliación dos méritos individuais do persoal investigador non permanente e interino da Universidade de Oviedo da Convocatoria do 2011.

Na convocatoria de 2011 as solicitudes cóbrense de acordo coas instrucións adaptadas da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) (Resolución do 18 de novembro de 2009 da Secretaría Xeral de Universidades -BOE núm. 289). Unha vez cuberta a solicitude remítese ao reitor da Universidade de Oviedo.

¹ Órgano encargado do seguimento e coordinación do Programa en que participan representantes de todas as axencias autonómicas e presidido por ANECA.

A avaliación da actividade investigadora realízase de forma similar á avaliación dos méritos de investigación para profesorado funcionario e cos mesmos criterios (Resolución do 18 de novembro de 2009 da Presidencia da CNEAI - BOE núm.289) que establece a CNEAI.

Na convocatoria de 2011 avaliáronse 23 solicitudes das cales só 2 obtiveron algún tramo negativo. A repartición de solicitudes por grandes ámbitos quedou do seguinte modo:



% de solicitudes por ámbitos na convocatoria de 2011 do profesorado da universidade de Oviedo

Segundo o mesmo convenio, a ACSUG realiza as valoracións para a convocatoria de 2012. A solicitude cóbrease de acordo coas instrucións adaptadas da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) (Resolución do 29 de novembro de 2012 da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se fixa o procedemento e prazo de presentación de solicitudes de avaliación da actividade investigadora á Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora -BOE de 5 de decembro-).

A avaliación da actividade investigadora realízase de forma similar á avaliación dos méritos de investigación para profesorado funcionario e cos mesmos criterios (Resolución do 19 de novembro de 2012, da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora, pola que se establecen os criterios específicos de cada un dos

campos de avaliación -BOE do 29 de novembro-) que establece a CNEAI.

Para realizar esta avaliación cóntase cunha aplicación informática que é utilizada tanto polos solicitantes como posteriormente polos avaliadores, para poder resolver todos os expedientes. Os solicitantes poden ir introducindo os tramos de 6 en 6 anos que someten a valoración, completando en cada un as achegas máis relevantes derivadas da súa actividade investigadora. Cada achega debe ir acompañada dun breve resumo que conteña os obxectivos e resultados máis sobresañentes da investigación, ademais dos datos que sexan necesarios para a súa localización e identificación. Para a valoración de cada tramo evaluable procédese como segue:

Cada tramo debe abarcar seis anos de investigación (anos naturais completos do 1 de xaneiro ao 31 de decembro), unicamente as fraccións anuais iguais ou superiores a oito meses se computan como ano natural. Son anos constitutivos dun tramo que poden ser consecutivos, ou non.

Corresponde a cada solicitante determinar, na primeira solicitude de avaliación que formule, o ano a partir do cal solicita avaliación da actividade investigadora. Determinada a dita data polo interesado, a actividade realizada con anterioridade non poderá ser alegada nin tida en conta, calquera que sexa a súa dimensión temporal, para os efectos de avaliacións futuras. Tampouco o espazo temporal comprendido entre dous tramos sometidos a avaliación e respecto do cal o interesado non presente solicitude.

O 14 de xullo de 2012 finalizou o prazo para a presentación de solicitudes que foron avaliadas polos CAE na sede da ACSUG como comisión de avaliación única.

Avaliación do Persoal Docente e Investigador (PDI) da Universidade de Vigo (UVI)


A UVI, en cumprimento do seu Regulamento de profesorado, ten un programa especial de promoción do persoal docente e investigador (PDI) que mediante unha convocatoria anual determina a asignación de prazas do corpo de profesores titulares de universidade ou de profesorado contratado doutor. Acoléndose a este procedemento, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo na súa sesión do 8 de febreiro de 2012, aproba a presente convocatoria. O prazo de presentación de solicitudes foi do 1 de marzo de 2012 ao 16 de abril de 2012.

Estas prazas, 13 para esta convocatoria 2011/2012, están suxeitas ás mesmas obrigas que as correspondentes ao profesorado a tempo completo e figuran nos plans de organización docente dos departamentos.

A selección é realizada pola Comisión de Organización Académica e de Profesorado con base nos informes técnicos externos de avaliación elaborados pola ACSUG en virtude do convenio específico subscrito coa Universidade de Vigo.


Os informes de avaliación das solicitudes presentadas son emitidos pola CGIACA, logo da avaliación por parte dunha comisión de expertos externos constituída por profesorado de recoñecido prestixio, externo ao SUG. Estes informes son trasladados á Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, que é quen publica as cualificacións provisionais na forma prevista no apartado 6.3. A partir desa publicación, os solicitantes teñen un prazo de 10 días hábiles para formular as súas alegacións.

Nesta gráfica aprécianse as porcentaxes positivas e negativas dos tramos alegados polos solicitantes para a convocatoria de 2012. Pode resultar que un solicitante presente un único tramo para valoración (que debe abarcar seis anos de investigación -anos naturais completos do 1 de xaneiro ao 31 de decembro-) ou varios tramos. Do resultado derivase que a maior parte dos tramos alegados nesta convocatoria son positivos.



Os investigadores a quen se lles avaliara negativamente o último período de investigación presentado, poderán construír un novo período, de seis anos, con algúns dos xa avaliados negativamente na última solicitude presentada e, polo menos, tres posteriores a aqueles. Na seguinte gráfica reflíctese o reparto de solicitudes por campos científicos principais.

Solicitudes por campos da convocatoria de 2012 do profesorado da universidade de Oviedo



Para proceder á valoración tómanse como referencia os campos temáticos usados pola CNEAI, isto ten unha dobre finalidade: estender os beneficios do programa da forma máis equilibrada posible entre os diferentes ámbitos presentes na UVIGO; ademais, que o proceso competitivo teña lugar, na medida do posible, en grupos con criterios homoxéneos.

As prazas outórganse por campo científico e ámbito, tal e como se recollen nas bases, ata completar as totais da convocatoria. Como regra xeral, non se outorga máis

dunha praza por área de coñecemento, excepcionalmente pódese outorgar máis dunha se non se cobren as outorgadas para un mesmo ámbito ou na repartición final resultante.

Para ser seleccionado neste programa, unha vez superado o proceso de valoración de méritos polos CAE esíxese un mínimo de 70 puntos globais.

Para o cómputo de puntos, de acordo co baremo, tense en conta a seguinte distribución de puntuacións:

APARTADOS PRINCIPAIS	P.MÁXIMA
Experiencia investigadora	40
Actividade docente	25
Formación académica	15
Experiencia e outros méritos profesionais	15
Experiencia en xestión universitaria	5
TOTAL	100

Para os efectos de comparación de currículos de diferentes solicitantes, si nalgún dos apartados principais a suma de puntuación dun concursante supera o límite establecido, o que consiga o máximo terá a puntuación límite dese apartado e para os restantes candidatos calcularase de forma proporcional.

Só houbo un solicitante nesta avaliación con resultado negativo (menos de 70 puntos globais); con todo, como a distribución de prazas de acordo coa baremación de puntuacións está ligada intrinsecamente ás puntuacións dos demais candidatos, o número de recursos presentados é moi alto (19 recursos de 33 solicitudes).

Na maioría dos casos prodúcese unha estimación parcial do recurso dado que, normalmente, se presentan alegacións de todos os apartados do CV e nalgún deles estímase a puntuación. No entanto, non é habitual que o *clasificación final* de puntos posterior ao recurso varíe en relación cos resultados da avaliación de consenso previa.

AVALIACIÓN DA INVESTIGACIÓN

AVALIACIÓN PREVIA PARA A NOVA (1.ª) ADQUISICIÓN DE AXUDAS PERTENCENTES AO PROGRAMA ISIDRO PARGA PONDAL (CONVOCATORIA 2010)

O obxectivo do Programa Isidro Parga Pondal é contribuír a superar o déficit de recursos humanos que ten o sistema de I+D en Galicia a través do apoio á inserción, nos centros de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia, de doutores cunha formación investigadora acreditada en organismos científicos nacionais ou estranxeiros. A duración das axudas do Programa Isidro

Parga Pondal, que se conceden ás universidades do SUG, será de 3 anos e os contratos desenvolveranse nas datas que se indiquen na resolución de adxudicación.

Unicamente a fase de avaliación científico-técnica dos méritos dos candidatos se realiza na ACSUG. No proceso de avaliación das solicitudes os comités de expertos externos deben puntuar os méritos alegados e debidamente xustificadas polos candidatos dando especial relevancia ás contribucións feitas nos últimos tres anos. As valoracións polos expertos supoñen un 90% da puntuación total (que se sustentan principalmente en: publicacións científicas; proxectos, contratos e patentes; estadías, relatorios e comunicacións a congresos; teses dirixidas e outros méritos científicos).

Doutra banda, a selección final dos candidatos faise por parte da comisión de selección que, partindo das puntuacións determinadas nos informes de avaliadores expertos (90% de puntuación), poden engadir ata un 10% máis de puntuación a cada candidato, que se sustenta no seguinte: o compromiso do solicitante, mediante declaración persoal, da utilización da lingua galega en todas as relacións que, como consecuencia deste procedemento, o interesado mantéña coa Administración autonómica e pola adecuación do currículo do candidato ao perfil de cada unha das prazas solicitadas.

Unha vez que se obteñen os globais para cada solicitante de axudas de nova adxudicación correspondentes ao Programa Isidro Parga Pondal, adxudícanse as axudas comezando polo candidato e praza de maior puntuación. Os solicitantes ordénanse por orde decrecente de puntos e adxudícanse as axudas, comezando polo candidato e praza de maior puntuación.

AVALIACIÓN PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DAS AXUDAS CORRESPONDENTES Á PRÓRROGA DO PROGRAMA ISIDRO PARGA PONDAL 2012 (IPP.2009)

Segundo a Orde do 12 de setembro de 2012 establécense as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas correspondentes á prórroga do programa Isidro Parga Pondal (nova adxudicación do ano 2009) no marco das accións de formación de investigadores do Programa de recursos humanos do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica-Incite (2006-2010) para o ano 2012.


Na seguinte táboa podemos ver as solicitudes presentadas nas dúas prórrogas anteriores a 2012 e que se veñen realizando na ACSUG:

N.º de avaliacións
realizadas
nas prórrogas
anteriores do
Parga Pondal

1.ª PRÓRROGA DO PROGRAMA ISIDRO PARGA PONDAL	
CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2010 (1.ª PRÓRROGA DE ADQUISICIÓN EN 2007)	24
2011 (1.ª PRÓRROGA DE ADQUISICIÓN EN 2008)	20
2012 (1.ª PRÓRROGA DE ADQUISICIÓN EN 2009)	18
TOTAL	62

Poden ser beneficiarias das axudas desta convocatoria de 2012 as universidades do SUG que prorroguen os contratos en vigor subscritos coas persoas seleccionadas no Programa Isidro Parga Pondal da convocatoria de 2009, a través dun contrato laboral. A duración das prórrogas será dun máximo de dous anos. O número máximo de axudas que se poden outorgar será de 18, corresponden ás axudas vixentes na actualidade.

O 19 de novembro de 2012 reúnese o CAE de expertos coa finalidade de emitir os informes de avaliación relativos ás axudas correspondentes ás prórrogas do Programa Isidro Parga Pondal (nova adxudicación do ano 2009). Avalíanse 18 expedientes.



Os avaliadores dan a cualificación de "apto" ás solicitudes que obteñan unha puntuación superior a 60 puntos, de acordo cos criterios que se recollen na normativa. Unha vez realizados os informes, a dita avaliación faise chegar á comisión de selección, que elabora a proposta de resolución de acordo coas bases da convocatoria e a dispoñibilidade de recursos. Esta Comisión de Selección está constituída por sete membros: O titular da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente da Comisión. Son vogais da Comisión: o/a subdirector/a xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria da Secretaría Xeral de Universidades; o/a subdirector/a xeral de Universidades da Secretaría Xeral de Universidades;

tres persoas de recoñecido prestixio nas principais áreas de coñecemento das solicitudes presentadas a esta convocatoria, nomeadas polo/a presidente/a da Comisión de Selección e un/unha xefe/a de servizo da Secretaría Xeral de Universidades, que actúa como secretario/a da Comisión.

AVALIACIÓN DA CALIDADE DE PRODUCCIÓN E ACTIVIDADE CIENTÍFICO-TECNOLÓXICA DOS INVESTIGADORES DO PROGRAMA ISIDRO PARGA PONDAL (1.º ADQUISICIÓN 2008) PARA OS EFECTOS DE OBTENIR A "CERTIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO" DOS REQUISITOS DE CALIDADE DE PRODUCCIÓN E ACTIVIDADE CIENTÍFICO-TECNOLÓXICA

Existen unhas condicións básicas diferentes para a obtención de informe positivo, dependendo do ámbito científico sometido a valoración. Tanto uns como outros foron establecidos de acordo coa normativa aplicable nesta fase previa de acreditación para o programa Manuel Colmeiro (*Orde do 21 de maio de 2008 e Resolución do 20 de xullo de 2005*).

Na seguinte táboa podemos analizar as solicitudes presentadas nas dúas convocatorias anteriores a 2012 e que se veñen realizando na ACSUG:

Esta avaliación ten a finalidade de comprobar a calidade da produción e actividade científico-tecnolóxica dos solicitantes, coa expedición posterior, de ser o caso, da certificación do cumprimento.

Nº de avaliacións realizadas de certificación do Parga Pondal	AVALIACIÓN DOS INVESTIGADORES DO PROGRAMA ISIDRO PARGA PONDAL (ADQUISICIÓN 4 ANOS ANTES) PARA A "CERTIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO"	
	CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
	2010 (PARGAS 2006)	49
	2011 (PARGAS 2007)	24
	2012 (PARGAS 2008)	17
	TOTAL	90

Diferéncianse 2 partes dentro da avaliación: a 1.ª parte dos méritos relativos ao conxunto da traxectoria científico-tecnolóxica dos profesores-investigadores ata 2007 (supón a avaliación do conxunto da traxectoria científico-tecnolóxica dos profesores-investigadores e investigadoras para determinar si cumpren os requisitos de calidade científico-tecnolóxica) e a 2.ª parte dos méritos relativos aos últimos 4 anos de actividade investigadora de 2008 a 2011 (supón a avaliación da actividade desenvolvida nos últimos catro anos, valorando neste caso só a actividade desenvolvida no posto de traballo e na institución en que estivo contratado nese período de tempo). O resultado da

avaliación simplemente será positivo ou negativo. Alcanzase unha avaliación positiva final cando se cumpran os criterios mínimos fixados para cada unha das fases (conxunto da traxectoria científico-tecnolóxica e actividade dos últimos catro anos).

A reunión dos CAE tivo lugar o 9 de abril coa finalidade de emitir os informes de consenso de devandita avaliación.

AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS DO SUG

A través da *Orde do 24 de xaneiro de 2012* establécense as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG, parcialmente cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do Programa operativo de Galicia 2007-2013.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria procede a establecer as bases para o Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación nas modalidades de grupos de referencia competitiva, grupos con potencial de crecemento, redes de investigación e agrupacións estratéxicas:

Grupos de referencia competitiva: están caracterizados por bos índices de publicacións académicas; un nivel de captación de recursos elevado, aínda que variable segundo a área en que traballen; competitivos a nivel estatal e en moitos casos internacional; con capacidade para formar e atraer investigadores novos e habituados á cooperación con outros grupos de investigación, con institucións ou con empresas. Son axudas para a consolidación de grupos de investigación do SUG que pola súa produción científica e actividade de I+D constitúan unha referencia no Sistema Galego de Innovación.

Redes de investigación: trátase de axudas a grupos de investigación para apoiar o desenvolvemento dun plan de actuacións en rede que permita conformar novas capacidades científicas e acometer con maior efectividade novos obxectivos en investigación. O solicitante será un grupo de investigación do SUG (denominado coordinador) que, coa adhesión de polo menos outros tres grupos, promova o desenvolvemento

dun plan de actividades conxuntas e complementarias no marco dunha rede.

Grupos con potencial de crecemento: axudas para a consolidación de grupos de investigación do SUG que pola súa produción científica e actividade de I+D demostran un potencial de crecemento ata converterse en grupos de referencia do SUG. Sen alcanzar os niveis de desenvolvemento dos anteriores, teñen calidade investigadora, constatable con criterios estritos, e están na senda que os leve a ser grupos de referencia.

Agrupacións estratéxicas: por agrupacións estratéxicas enténdense unidades organizadas cun nivel de agregación superior ao grupo de investigación que, establecidas pola universidade propoñente, teñan por obxectivo desenvolver unha actividade colaborativa estable e planificada con obxectivos de I+D e transferencia propios.

A selección dos beneficiarios das axudas realízase a partir da suma das valoracións feitas por un panel de avaliadores e pola comisión de selección.

O panel de avaliadores está formado por expertos de fóra do SUG designados polo titular da Secretaría Xeral de Universidades, e cobren os diferentes ámbitos temáticos da convocatoria. Esta é a fase de valoración en que participa a ACSUG, pois encárgase da selección do panel de avaliadores expertos que proceden a consensuar criterios de baremación na sede da Axencia. A valoración das solicitudes presentadas refírese á produción e calidade científica dos grupos e candidatos, así como á súa actividade investigadora e á idoneidade da programación proposta de acordo cos obxectivos de cada unha das modalidades da convocatoria. Nesta convocatoria a reunión realizouse o 04 de setembro de 2012.

Unha vez realizadas as valoracións, os resultados transmitíense á comisión de selección, que elabora a proposta de resolución de acordo coas bases da convocatoria, as avaliacións correspondentes, a dispoñibilidade de recursos e os obxectivos de ordenación, consolidación e articulación que suscita esta actuación. Esta Comisión pode conceder ata 10 puntos a cada solicitude dos 100 máximos.

Avaliáronse nesta ocasión ata 238 expedientes das diferentes modalidades e a adxudicación de axudas resolveuse mediante a *Resolución do 2 de outubro de 2012*.

ESTUDOS DE INSERCIÓN LABORAL

No ano 2001 a ACSUG comezou un proxecto xeral de seguimento da integración no mercado laboral dos titulados no SUG. Dada a importancia dos resultados obtidos neste primeiro estudo, o proxecto consolidouse como unha actividade periódica, anualmente, na ACSUG. Dita actividade foi pioneira na realización destes estudos, dado que non existían en eses anos antecedentes a nivel nacional onde se estudara a situación laboral dos titulados universitarios, tan só se tiñan referencias internacionais como os proxectos CHEERS e REFLEX.

A finalidade destes estudos foi, e é servir de apoio ás institucións universitarias, aportando resultados que, por a súa natureza, contribúen ao deseño de estratexias para a revisión e mellora da calidade da oferta universitaria, minimizando as distancias entre os obxectivos da aprendizaxe e os requirimentos profesionais e de empregabilidade.

Tal e como está contemplado no "Protocolo para el seguimento y la renovación de la acreditación de los títulos universitarios oficiales", documento elaborado pola Comisión Universitaria Reguladora del Seguimiento

y la Acreditación (CURSA) inclúense os indicadores de inserción laboral como información que debe ser aportada no seguimento de títulos universitarios, indicadores que tamén se contemplan no SIIU.

Ditos estudos céntranse principalmente nos titulados universitarios en diplomaturas/licenciaturas/enxeñarías técnicas e enxeñarías, empezando xa a existir graduados dos novos títulos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior. O obxectivo principal é proporcionar información sobre a situación laboral dos titulados universitarios, aproximadamente aos dous anos de ter rematada a titulación. Neste caso, non só se pretende aportar información de cómo se produce esta integración no mercado laboral, senón que tamén se estuda a satisfacción dos titulados no seu paso pola universidade. Con respecto ao mercado laboral, as temáticas estudadas pódense estruturar principalmente en dous apartados: o acceso ao emprego e a situación laboral actual.

A continuación presentase un breve detalle dos estudos de inserción laboral realizados pola ACSUG ata o momento actual, ano 2012:

Cursos académicos	Poboación	Mostra	Publicación de resultados
1996-2001	56.471	5.293	2004
2001-2003	23.700	4.145	2006
2003-2005	23.108	7.967	2008
2005-2006	10.280	5.362	2009
2006-2007	8.689	4.569	2010
2007-2008	9.216	4.830	2011
2008-2009	8.846	4.965	Previsión 2013
2009-2010	8.922	5.004	Previsión 2014

Resumen de poboación e mostra por estudo

Con respecto aos estudos de inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia ao longo do ano 2012 realizáronse as seguintes actuacións que se resumen a continuación por estudo:

publicación do informe final de resultados. Así mesmo, procedeuse ao envío dos resultados relativos a este estudo, desagregados por titulacións, ás respectivas vicerreitorías de calidade e aos respectivos centros.


Estudos de inserción laboral a titulados universitarios en diplomaturas/licenciaturas/enxeñarías técnicas e enxeñarías

Para cada titulación do SUG realízase unha ficha cos resultados seguintes: resultados do título como título desa universidade, resultados do título como título do SUG, resultados pertencentes a rama de coñecemento do título e na universidade, resultados pertencentes a rama de coñecemento do SUG, resultados pertencentes á universidade e finalmente, os resultados do SUG.

- **Titulados no curso académico 2007-2008:** En febreiro de 2012 realizouse a presentación da

Fichas de resultados por titulacións do SUG (curso académico 2007-2008)

Rama de coñecemento/Universidade	UDC	USC	UVI	Total
Ciencias da Saúde	6	6	5	17
Ciencias	2	7	5	14
Enxeñaría e Arquitectura	18	12	13	43
Ciencias Sociais e Xurídicas I	5	4	5	14
Ciencias Sociais e Xurídicas II	3	4	3	10
Ciencias Sociais e Xurídicas III	8	13	14	35
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	2	2	4	8
Artes e Humanidades I	3	5	2	10
Artes e Humanidades II	3	9	8	20
Total	50	62	59	171



- **Titulados no curso académico 2008-2009:** Realizouse a análise de datos e a elaboración de resultados, así como a elaboración do informe global de resultados. A finais de ano realizáronse as revisións correspondentes das maquetas do informe global de resultados nas versións en galego, castelán e inglés. Está previsto realizar a presentación desta publicación a comezos do 2013. Así mesmo, elaboraranse as

fichas de resultados desagregados por titulacións e enviaranse aos centros ao longo do 2013.

- **Titulados 2009-2010:** Planificouse e realizouse o traballo de campo deste estudo en decembro de 2012

Estudios de inserción laboral a titulados universitarios en másteres universitarios oficiais:

Como novidade este ano planificouse a realización de estudos de inserción laboral aos titulados en másteres universitarios oficiais. Para iso, procedeuse a realizar a petición de datos as universidades no mes de maio dos titulados en másteres universitarios oficiais dos cursos académicos 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010. Unha vez analizados ditos datos realizouse una planificación para a realización de dito estudo ao longo do ano 2013 (cuestionario a empregar, traballo de campo, etc.)

UNIVERSIDADE	POBOACIÓN			
	2007-2008	2008-2009	2009-2010	TOTAL
Universidade da Coruña	183	280	331	794
Universidade de Santiago de Compostela	171	326	502	999
Universidade de Vigo	119	261	811	1191
TOTAL SUG	473	867	1644	2984

Resumo de poboación por universidade



Desde a súa creación, a ACSUG considerou esencial establecer relacións e intercambio de información con outras axencias de calidade e organismos relacionados co ámbito universitario, tanto nacionais como internacionais.

Tamén se incidiu sempre na necesidade de promocionar e dar publicidade ás actividades que a ACSUG realiza mediante a súa difusión na páxina web, organización de seminarios, deseño e realización de publicacións etc.

ACTIVIDADES INTERNACIONAIS

ENQA

A European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA) é un organismo do que forman parte axencias de calidade de educación superior de 26 países europeos.

A ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA desde novembro de 2009 tras superar positivamente un proceso de avaliación externo levado a cabo por este organismo. Dado que os membros de ENQA deben pasar periodicamente por un proceso de avaliación externo cada 5 anos, no ano 2014 a ACSUG volverase a someter ao devandito proceso.

A ACSUG participou durante o ano 2012 nas actividades que se levaron a cabo por parte deste organismo:

1) A ACSUG participa desde o ano 2008 no grupo de traballo "Internal Quality Assurance (IQA) Group" integrado por técnicos de calidade interna das axencias de calidade universitarias europeas. No ano 2012, a ACSUG asistiu en Valladolid á reunión anual do grupo, onde se tratou o tema do aproveitamento das auditorías externas para mellorar internamente os sistemas de xestión. Tamén se presentou nesta reunión unha publicación sobre *benchmarking* na que participou a ACSUG (pódese consultar na ligazón http://www.enqa.eu/files/ENQA_wr_20.pdf).

2) Técnicos de ACSUG participaron durante o ano 2012 en dous grupos de traballo específicos creados por ENQA e cuxo traballo continuará durante o ano 2013:

- a) Grupo de traballo sobre o impacto do aseguramento da calidade: o principal obxectivo do grupo é analizar os efectos da implantación dos procedementos de aseguramento da calidade na educación superior en Europa.
- b) Grupo de traballo sobre a implicación dos grupos de interese do sistema universitario nas procedementos de aseguramento da calidade: O propósito do grupo é analizar e fomentar a participación dos distintos colectivos relacionados co ensino superior en Europa: alumnos, titulados, persoal académico, empresarios etc.

3) A ACSUG colaborou no 2.º *newsletter de ENQA, cun artigo sobre a avaliación externa de centros universitarios levada a cabo pola ACSUG en Perú.*

4) Asistencia do director da ACSUG ás dúas reunións anuais de ENQA: ENQA Members´ Forum en abril de 2012 en París (Francia); e ENQA Xeral Assembly en outubro de 2012 en Basilea (Suíza).

5) Asistencia do director e dun técnico de ACSUG ao 7.º *European Quality Assurance Forum (EQAF)* realizado en novembro de 2012 en Tallin (Estonia). O EQAF é un foro anual que permite o intercambio de experiencias sobre a educación superior por parte de todos os grupos de interese: alumnos, universidades, axencias de calidade universitaria etc.

EQAR

O Rexistro Europeo de Axencias de Calidade (EQAR) foi creado no ano 2008 por ENQA, ESU, EUA e EURASHE, os órganos europeos representantes das axencias de garantía de calidade, estudantes, universidades e outras institucións de educación superior, respectivamente, para incrementar a transparencia da calidade na educación superior en Europa. O EQAR é un rexistro onde se inclúen aquelas axencias de garantía da calidade que son recoñecidas pola súa profesionalidade e credibilidade no desenvolvemento das súas actividades.

Desde novembro de 2010 a ACSUG está incluída no EQAR, despois de que este organismo verificase que a ACSUG desenvolve as súas actividades cumprindo cos Criterios e Directrices para a Garantía de Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (ESG).

Proxecto Tempus CANQA

A ACSUG vén participando como colaborador desde ao ano 2009 nun Proxecto Tempus da Unión Europea para o establecemento da Rede de Aseguramento de Calidade e Acreditación de Asia Central (CANQA) nos países de Tadjikistán, Kazakhstán e Kirguistán.

Unha vez que todos os países participantes xa implantaron os seus sistemas de xestión de calidade internos, durante o ano 2012, un técnico de ACSUG tomou parte como avaliador no Proxecto Piloto de Acreditación, dentro do proxecto CANQA.

A ACSUG participou no proxecto piloto de avaliación das seguintes universidades de Tadjikistán:

- Khujand State University.
- Tajik State University of Commerce en Dushanbe.

Avaliación de centros universitarios da Universidade de San Martín de Porres en Perú

A ACSUG e a Universidade de San Martín de Porres de Perú asinaron en outubro de 2010 un convenio mediante o cal a ACSUG levará a cabo actividades de avaliación e certificación nesta universidade, incidindo desta forma no seu aseguramento da calidade. O proceso consta de tres fases: unha autoavaliación que realiza o centro (segundo unha guía elaborada pola ACSUG), unha avaliación externa por parte dun comité externo designado pola ACSUG (incluíndo unha visita aos centros avaliados) e a realización por parte da ACSUG dun informe final cos resultados do proceso.

Durante o ano 2012, a ACSUG levou a cabo o proceso de avaliación de seis centros desta universidade, incluíndo unha visita ás instalacións en Perú en marzo:

- Facultade de Ciencias Administrativas e Recursos Humanos
- Facultade de Medicina Humana
- Escola Profesional de Psicoloxía
- Facultade de Enxeñaría e Arquitectura
- Facultade de Ciencias Contables, Económicas e Financeiras
- Facultade de Ciencias da Comunicación, Turismo e Psicoloxía

Outras colaboracións con universidades de Perú

Outras universidades de Perú contactaron coa ACSUG para establecer convenios de colaboración en actividades de avaliación da calidade. Así, en novembro de 2012, formalizouse un convenio coa Universidade Andina Néstor Cáceres Velásquez (UANCV) polo cal a ACSUG realizará durante o ano 2013 a avaliación dos seguintes centros universitarios en Juliaca (Perú):

- Facultade de Enfermaría
- Facultade de Obstetricia
- Facultade de Odontoloxía
- Facultade de Farmacia e Bioquímica

OUTRAS COLABORACIÓNS

Informe sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades

No primeiro trimestre do ano 2012 publicouse o “Informe sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades españolas, 2010”. Este informe, coordinado pola ANECA e no que achegan datos todas as axencias de avaliación da calidade, forma parte dunha serie de informes anuais cuxo obxectivo é ofrecer información ás administracións públicas e á sociedade sobre o estado da

avaliación da calidade nas universidades españolas, así como cumprir co compromiso de rendición de contas.

Durante o ano 2012 preparouse o “Informe sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades españolas, 2011”, cuxa publicación se realizou a finais do ano 2012.

Participación na comisión Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU)

A ACSUG é membro da REACU, organismo de que forman parte todas as axencias españolas de avaliación da calidade universitaria de ámbito autonómico e a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA). Nas reunións periódicas deste organismo trátanse temas sobre avaliación e coordinación que afectan a todas as axencias españolas.

Participación na Comisión Universitaria Reguladora do Seguimento e a Acreditación (CURSA)

A ACSUG é membro de CURSA, comisión que realiza un labor fundamental no deseño e establecemento de metodoloxías de avaliación para as titulacións universitarias oficiais.

CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS

Organizados por ACSUG

DATA	ACTIVIDADE	LUGAR
27/02/2012	Presentación da publicación: "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008"	ACSUG
Do 12/06/12 ao 15/06/12	Colaboración na organización do IX Foro Internacional sobre a Avaliación da Calidade da Investigación e da Educación Superior (FECIES)	Escola Galega de Administración Pública (Santiago)
18/09/12	Xornada de Formación para as Comisións de Avaliación do programa DOCENTIA da Universidade da Coruña (UDC).	ACSUG
Seminarios de 2 días de duración en cada campus realizados en setembro e outubro de 2012	II seminario de formación de avaliadores da ACSUG	Campus universitarios de Lugo, Ourense, Vigo e A Coruña.

Cursos, xornadas e seminarios organizados por ACSUG

Presentación de relatorios

DATA	ACTIVIDADE	PARTICIPACIÓN	LUGAR
17/02/12	Relatorio do Director da ACSUG en Almería: "Sistema de aplicación do protocolo de seguimento de títulos pola ACSUG no SUG"	Relatorio presentado polo director da ACSUG	Almería
Do 12/06/12 ao 15/06/12	IX Foro Internacional sobre a Avaliación da Calidade da Investigación e da Educación Superior (FECIES)	Asistencia do director e da presidenta da ACSUG e presentación de varios relatorios polo persoal da ACSUG.	Escola Galega de Administración Pública (Santiago)
20/06/12	Curso: "Universidade e Territorio: programación e acreditación de ensinanzas"	Relatorio presentado polo Director da ACSUG	Huesca
08/11/12	Xornada: "A Calidade nos Centros Universitarios da Defensa"	Relatorio presentado polo director da ACSUG	Salón do Trono de Capitanía Xeneral (Zaragoza)
23/11/12	Xornadas dirixidas ao profesorado universitario	Relatorios presentados por técnicos de profesorado da ACSUG	A Coruña
13/12/12	Entrega de certificados da 4. ^a convocatoria de certificados AUDIT	Asistencia e participación do director e un técnico da ACSUG	Bilbao

Presentación de relatorios por parte de ACSUG

PUBLICACIÓNS

No ano 2012 a ACSUG realizou a seguinte publicación:

Inserción Laboral



Título: Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2008-2009

Páxinas: 180

Ano : 2012

Depósito legal : C 2724-2012

ISBN: 978-84-695-6985-6



ACSUC
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA